

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO, I

(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Ramón Piñeiro: dúas lecturas

Anxo González Fernández

Lírica e metafísica no proxecto filosófico de Ramón Piñeiro

Ramón López Vázquez

Para unha sistemática de Ramón Piñeiro

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Directores:

Luís Alonso Girgado
Ramón López Vázquez

Consello asesor:

Xesús Ferro Ruibal
Xosé Manuel García Iglesias
Anxo González Fernández
Ramón Mariño Paz
Anxo Tarrío Varela
Andrés Torres Queiruga

Edita:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA
CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A
INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria:

CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ

Director Xeral de Política Lingüística:

XESÚS P. GONZÁLEZ MOREIRAS

Coordinador científico

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Ilustración da cuberta:

BALDO RAMOS (“Deshabitada espera”, detalle)

Imprime:

Gráficas ATV

ISBN:

84-453-3678-9

Depósito Legal:

C-2457-2003

Presentación

Con ben fundada esperanza quero saudar a aparición desta fermosa iniciativa que é a dos *Cadernos Ramón Piñeiro*, que se declaran “Cadernos galegos de pensamento e cultura”. Sempre será un acto de xustiza e de gratitude lembrar unha figura que, como é o caso de Ramón Piñeiro, tanto traballou por Galicia, á que xenerosamente entregou o seu pensamento, as súas incontables empresas e proxectos culturais, as súas palabras de alento e ilusión e os seus escritos espaxados polas páxinas de prensa e os libros.

Son sen dúbida moitos os que saben de Ramón Piñeiro, moitos os que o trataron e conversaron con el arredor da súa benquerida "mesa camilla" da súa casa en Santiago e non poucos os que leron algúns dos seus escritos. Pero aínda hoxe, máis de dez anos despois da súa morte, é preciso divulgar o seu labor, estudar o seu pensamento e valorar –sen prexuízos, con equidade e no contexto da época que lle tocou vivir– a súa forma de ver Galicia e de entender o futuro do país e do seu pobo.

Porque entre dificultades e incomprensións, entre precariedades e reticencias (pero, certamente, tamén coa fe e entrega de amigos e galeguistas de convicción), Ramón Piñeiro foi quen de concebir e desenvolver o seu proxecto de Galicia no que a dimensión humanístico-cultural, xunto coa lingua como clave de identidade, constitúen os fundamentos esenciais e irrenunciabes.

Deberán estes *Cadernos Ramón Piñeiro* –e estou certo que o farán con rigor e con fortuna– investigar nos máis salientables aspectos da obra que nos legou e prolongar a análise do ronsel de cuestións, temas e problemas que para Ramón Piñeiro foron motivos de reflexión: a lingua, a literatura, a cultura, a sociedade, o devir histórico do noso país e, en definitiva, todo o que constitúe iso que chamamos Galicia.

CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ

Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria



Ramón Piñeiro López (1915 - 1990)

Os CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO.

Nacen os presentes *Cadernos Ramón Piñeiro* como unha iniciativa propia do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Nacen, tamén e fundamentalmente, como unha contribución ó estudio e á análise do pensamento de Ramón Piñeiro e, así mesmo, dos temas e problemas que ocuparon as súas inquiredanzas persoais e a súa reflexión; é dicir, Galicia.

Son "Cadernos galegos de pensamento e cultura" nos que, dende o emprego da lingua galega como instrumento expresivo —e sempre respectuosos coa normativa oficial— poderán ter canle de publicación os ensaios breves, investigacións e estudos encadrados no abano das Humanidades, pero con especial atención ó pensamento filosófico. Son, en definitiva, páxinas abertas que teñen só a limitación espacial do que pode acoller un caderno; que requiren o axeitado rigor expresivo e metodolóxico dos traballos e, en definitiva, están ó dispor de todos: galegos ou non, dende calquera lugar onde estean.

A raíz galega dos *Cadernos Ramón Piñeiro* quere ter vocación de universalidade: estudar e coñecer o noso pensamento, a nosa cultura e achegarnos ó que vén de fóra, receptivos a perspectivas propias e alleas, a voces e ámbitos do noso país e de máis aló das nosas fronteiras. Esa é a vontade e o camiño a percorrer.

Os directores

ÍNDICE

1. Lírica e metafísica no proxecto filosófico de Ramón Piñeiro (*Anxo González Fernández*) 13

2. Para unha sistemática de Ramón Piñeiro (*Ramón López Vázquez*). 41

1. Lírca e metafísica
no proxecto filosófico de Ramón Piñeiro

Lírica e metafísica no proxecto filosófico de Ramón Piñeiro.

Anxo González Fernández.
Universidade de Santiago.

Toda a obra filosófica de Ramón Piñeiro responde á súa preocupación por abrir, tamén no campo do pensamento, unha canle a través da cal Galicia puidese facer, desde si mesma, unha achega significativa á cultura universal. Esta achega debería estar, por un lado, en condicións de ser apreciada por toda a comunidade filosófica, ó contribuír a desentrañar aspectos do grande e universal misterio da realidade e do ser humano en xeral, e debería, por outra banda, articularse en concordanza coas peculiaridades da nosa cultura, que responden, en definitiva, ás que configuran o home galaico.

Neste propósito de incidir na universalidade, partindo precisamente da particularidade e a diferenza personalizadora, coincidía Ramón Piñeiro co que fora convicción moi fonda nos homes da xeración Nós e que Castelao, por exemplo, expresaba ó consignar que Galicia ten o deber de *contribuír á civilización universal* e que isto só se poderá conseguir cultivando o noso xenio permanente. Esta articulación do particular e o universal considerábase perfectamente factible: *eu creo, e repito con Heine, que desde a máis pequena fiestra pode contemplarse a inmensidade do ceo como desde a máis*

*pequena terra se pode comprender a grandeza do mundo*¹.

En concordancia con estes mesmos convencementos entende Ramón Piñeiro que a contribución galega á filosofía terá que vir, fundamentalmente, da parte daquilo que define as peculiaridades da nosa implantación no mundo da cultura. *A singularidade filosófica de cada pobo -dicía- pode expresarse a través da constancia de certas características no desenrolo do seu pensamento*, formalmente configurado como filosofía (e así se pode falar de *racionalismo cartesiano francés, criticismo e idealismo alemán, empirismo inglés, pragmatismo americano*, etc.), ou ben, en casos como o de Galicia, en que non ten habido moita actividade filosófica de carácter formal, pode expresarse no que son *as raíces espirituais en que se afincan as creacións culturais que personalizan a estes pobos*². A actividade especulativa que chamamos filosofía formal non é, en definitiva, outra cousa –di– que unha ulterior *elaboración lóxica e sistemática* do que resulta ser, no fondo, a peculiar forma de enfrontamento que os pobos teñen coa realidade e que está na raíz de tódalas súas grandes realizacións no mundo da cultura.

Situados nesta perspectiva entende Ramón Piñeiro que, en parecida forma a como o posicionamento ante a realidade que corresponde ó pobo grego foi o racional ou teorético e o que toca ó pobo alemán sería máis ben o volitivo, aquel que, desde logo, pertence á comunidade galego-portuguesa sería sen dúbida a dimensión sentimental. O sentimento está máis na liña da vivenciación

¹ Castelao, *Sempre en Galiza*, Vigo: Galaxia, 4ª edic., 1994, p. 230.

² *Filosofía da saudade*, Vigo: Galaxia, 1984, pp. 22-23.

ou na da captación vivenciadora que na da actividade especulativa ou na da elaboración teórica. Ramón Piñeiro fala expresamente, en relación coas peculiaridades da cultura galaica, de *vivencia metafísica*, xuntando, en aparente paradoxo, o plano da abstracción cognitiva e o da pura vivenciación, que é decote non-racional e esixe, desde logo, mergullamento na orde do concreto.

A acentuación da dimensión sentimental que se produce no home e na cultura galaicos fixo, precisamente, que

a súa creación cultural máis alta fose a lírica, e por iso a súa nota espiritual máis xenuína é a saudade, ou sexa, a "sentimentalidade pura". O estado sentimental puro non se pode expresar conceptualmente, só podería "comunicarse" musicalmente ou liricamente. Música e poesía lírica deben de ser notas distintivas da espiritualidade galiciana, feito que se comproba polas manifestacións culturais que xorden espontaneamente da comunidade espiritual, como ocorre co folclore popular ou coa lingua, pois a gran musicalidade e singularísimas calidades líricas da lingua galega son froito dese predomínio sentimental común³.

Esta decantación da cultura galega pola liña do sentimento non ten por qué abocala, sen embargo, ó irracionalismo vitalista, con renuncia ó que poida implicar exploración cognitiva e desenvolvemento teórico. Pensa Ramón Piñeiro que, por contra, aproxímaa decisivamente á perspectiva da filosofía existencial, daquela tan estendida por toda Europa, e que entra en

³ *Ibidem*, p. 33.

Galicia da man, precisamente, de Ramón Piñeiro e de Celestino Fernández de la Vega⁴ .

O existencialismo é expresamente recoñecido por Ramón Piñeiro como unha filosofía en que a pretensión de exploración cognitiva do ser, en liña coa metafísica grega, faise a partir fundamentalmente da penetración nese *ser-aí* que é, precisamente, o ser humano, a concreción e manifestación máis cualificada do ser. Isto remite directamente ó terreo da vivencia :

A captación dese ser do home –Existencia ou *Dasein*– non se acada por vía conceptual, senón que se nos manifesta por unha vivencia radical, por un sentimento último que no lo revela (angustia, engullo, fracaso, etc.).

Celestino F. de la Vega e Ramón Piñeiro decátanse moi logo de que na conformación espiritual do home galaico e, por iso mesmo, nas determinantes fundamentais da lírica galego-portuguesa, que está nos alicerces da nosa cultura, hai unha *vivencia radical* susceptible dunha proxección funcional moi similar a angustia de Heidegger, á vivencia do fracaso de Jaspers ou á mesma náusea sartriana. Trátase da *saudade*. Celestino chega incluso a identificar angustia e saudade como conceptos ou realidades existenciais.

Ramón Piñeiro demostra que, aínda non sendo a mesma cousa, a angustia e a saudade poden, non obs-

⁴ En 1956 publícase a versión en galego do libro de Heidegger *A esencia da verdade*, con prólogo e notas de R. Piñeiro e de Celestino F. de la Vega, para a que o propio Heidegger escribe un prólogo específico. Desta tradución fará eloxiosa mención o propio Xavier Zubiri, quen, segundo o testemuño de García Sabell, destaca no galego a *especial plasticidade nos xogos preposicionais e sintácticos que esixen os textos de Heidegger*.

tante, desempeñar unha moi similar función radicalizadora, no sentido de que ámbalas dúas proporcionan un contacto pre-racional coa configuración íntima do ser humano, achegándonos á vivenciación da súa configuración ontolóxica. En relación con isto, pensa Piñeiro que o existencialismo non deu polo de agora de forma plena co fundamento antropolóxico-vivencial da filosofía. E sinala, coa mesma, o enorme interese que nesa liña poderían chegar a ter as achegas dunha filosofía galega que estivese fundada sobre os mecanismos de exploración antropolóxica e óptica que se ofrecen a través dunha profundización na vivencia da saudade e da súa expresión na lírica.

Na dirección en que apuntan estes convencementos é doado ver cómo se perfilan os tres grandes obxectivos do proxecto filosófico de Ramón Piñeiro:

En primeiro lugar, trátase de lograr unha concienciación plena e cabal acerca de cáles e cómo son as peculiares formas de dárense no home galaico as fundamentais compoñentes do ser humano en xeral. Estas peculiaridades han rastreárense nas nosas grandes creacións culturais, entre as que conta fundamentalmente a lírica.

En segundo lugar, preténdese unha achega decisiva á filosofía universal, na liña aquí da exploración do sentimento, unha dimensión humana tradicionalmente postergada, cando menos na filosofía occidental, ante a razón e a vontade. É curioso constatar neste sentido a proximidade da postura de Ramón Piñeiro á de María Zambrano, unha pensadora que pretende ir tamén de forma decidida cara a un asentamento da filosofía no plano do sentimento que a faga máis próxima á poesía ou, mellor dito, que poida contribuir á reunificación de poe-

sía e filosofía, situándose máis alá da posición de "dramático conflicto" en que foron colocadas⁵, cando de feito as dúas resultan imprescindibles e non se sabería dicir cál delas está máis fondamente enraizada no vivir humano. Este posicionamento conduce a María Zambrano a propugnar unha sorte de "razón poética" que leve a un tipo de pensamento que asente sobre a "esencia estremecida dun home que porte en si mesmo a escura entraña dun sentir, froito dunha vella tradición cultural, un sentir feito médula do seu propio ser"⁶. Este tipo de racionalidade alimentada de sentimento, ou este sentimento que pode agromar en racionalidade non andan nada lonxe das posicións do raciovitalismo orteguiano e axudan, desde logo, a entende-lo proxecto de "metafísica do sentimento" que Ramón Piñeiro propugnaba. No fondo e na forma tamén o noso autor parte da indiscutible proximidade, por non dicir unidade, da poesía e a filosofía; estaba convencido de que auténticas mancheas de pensamento filosófico circulan polos versos dos nosos líricos.

Piñeiro pretende, por último, unha decisiva incardinación do quefacer filosófico que así se perfila na corrente da filosofía existencialista, en que, sen renuncia ó grande obxectivo da tradición metafísica de procura do ser en canto ser, acéptase como inescusable vía a exploración fenomenolóxica dese ser-aí, concreto, que é o ser humano. Este, na opinión do noso autor, resulta captatable, máis que a través da angustia ou da náusea, a tra-

⁵ María Zambrano, *Filosofía y Poesía*, México: Fondo do Cultura Económica, 1987, p. 14.

⁶ Juan Fernando Ortega Muñoz, "Filosofía y Poesía en María Zambrano", en *Filosofía y Poesía*, Madrid: Fundación Fernando Rielo, 1994, p. 35.

vés da saudade, que é a vivencia en que se aprecia o feito da concreteza óptica que corresponde ó ente humano. Esta atención ó plano da *concreteza*, ó da singularidade individual, tamén fortalece a relación entre filosofía e poesía e aproxima as posicións de Piñeiro ás de María Zambrano, que vía a necesidade de completa-lo sentido de universalidade con que a filosofía aborda a problemática do ser humano, coa atención directa ó nivel da individualidade en que a poesía adoita moverse⁷.

Polo que respecta a Piñeiro, a modalidade de ser en concreción ou en individuación revélaselle xustamente como experiencia de soidade, de soidade óptica:

Sáibase que nós non entendemos por soidade a simple "perda ou ausencia de algo obxectivo", senón o arreconchegamento na propia intimidade, o vivir –sentíndoa– a singularidade individual que un mesmo é⁸.

Movéndose nesta dirección, deliña Ramón Piñeiro os fundamentos dunha filosofía da saudade, seguindo, tamén ó modo existencialista, un método fundamentalmente fenomenolóxico: indo desde a constatación descriptiva do plano vivencial da saudade cara á intuición do que é a configuración óptica do ente humano que nela se reflicte. Son, así, esixencias metodolóxicas as que o levan a entrar na análise das peculiaridades e diferenciacións da saudade tal como aparecen reflectidas na súa expresión en forma de lírica. E pode dicirse, por iso, que é fundamente heideggeriana a pretensión de captación da realidade a través da súa especial comparecencia na arte e, singularmente, na arte da palabra. A pala-

⁷ María Zambrano, op.cit. p. 13.

⁸ *Olladas no futuro*, Vigo: Galaxia, 1974, pp. 143-144.

bra é a grande portadora do ser⁹. Con referencia á lírica galaico-portuguesa consignará explicitamente que:

se esculcamos con lecer na lírica chegaremos a dexergar a nosa intimidade esencial, pois ó facermos a esculca axiña apreciaremos que unha das súas calidades é a de expresar poeticamente unha vivencia anímica que nós chamamos Saudade e que é, entre as vivencias espontáneas da natureza humana, a que mellor recolle o peculiar matiz de sentimentalidade que caracteriza ó espírito galaico-portugués. A consideración da nosa cultura descóbrenos o valor sobranceiro da lírica entremedias das creacións por nós realizadas; a consideración da lírica descóbrenos a nota espiritual tipicamente nosa: a saudade¹⁰.

Ó lector que pretenda introducirse nas páxinas de Ramón Piñeiro seralle de grande utilidade estar atento á equivalencia que o noso autor establece entre as especificacións da lírica (os tipos de lírica) e as da saudade, isto é, as diferentes clases de saudade: desde aquela que non transcende o plano psicolóxico (o dos sentimentos da persoa en relación coas realidades concretas que a afectan) ata a saudade metafísica, en que o suxeito vivencia en si, normalmente en forma de soidade (insuperable *soidade*), a condición óptica da concreción, da singularidade ou individuación, é dicir, a hominidade feita realidade persoal ou, máis radicalmente, o ser en canto dado na forma ou modalidade do ente singular.

⁹ Heidegger escribe, neste sentido, que "a verdade, entendida como claridade e ocultamento do ser, ocorre ó ser *poetizada*". A lingua non é un mero medio de comunicación, senón que antes que nada patentiza o ente en canto ente... "A poesía é, así, a narración do desocultamento do ente" (*Holzwege*, Frankfurt am Main, Vittorio Klostermann, 1952, p. 59).

¹⁰ *Filosofía da saudade*, p. 23.

Ramón Piñeiro fala de *lírca pura* cando se refire á posta expresiva da saudade ótica, aquela que non se detén no plano da coloración afectiva (ledicia, dolor, esperanza, desengano, queixa, etc.) provocada nun suxeito en función da modalidade da súa relación cunha determinada persoa ou obxecto. A saudade ótica responde á vivenciación da soidade que é inherente ó ser concreto que somos cada un de nós, en función, precisamente, da mesma concreción individualizada en que consistimos. Concreción implica, en efecto, singularización, situación diferenciada e aínda un irreductible illamento, non só respecto dos demais entes, senón sobre todo respecto da universalidade do ser, isto é, do ser transcendental do que cada un provén e no que en definitiva se fundamenta:

Saudade e lirismo son, pois, dúas etapas dunha mesma cousa: a vivencia e a expresión da intimidade do ser humano, da súa soidade ontolóxica. Pero esta soidade é soidade relativa ó Ser, do que o home ven ser unha concreción individual, unha singularidade solitaria, algo así como unha bágoa desprendida, "caída" do Ser. Así o percibiron os místicos, que, xa desde Platón, sempre viron nesa concreción individual do home unha especie de cárcere do Ser¹¹.

É fundamental no pensamento de Ramón Piñeiro que a vivenciación da soidade constitutiva do ente humano, en canto concreción singularizadora (e así tamén illadora) do ser (do Ser, con maiúscula, segundo adoita escribir Piñeiro) leva en si mesma un fondísimo sentido aspiracional ou de transcendencia, en que se pretende unha reintegración e absorción na transcendentalidade que só ó Ser corresponde realmente:

¹¹ *Ibidem*, p. 36.

Tamén a saudade, en canto que é a vivencia desa soidade do Ser, ten un valor de arreguizamento ontolóxico, algo así como unha lene onda que ascende da vida e que vai envolven- do todo o ser do home nunha perenne arela do Ser, esgotando a súa existencia temporal nun esforzo de transcendencia¹².

Non é estraño que, en relación con isto, faga Piñeiro referencia explícita a Platón. Presente e operante aquí estaría, en efecto, a visión platónica do home como "cár- cere do ser", isto é como concreción singularizadora, que sería tamén illada, se non fose que é ó mesmo tempo *eros*: anamnese e aspiración de restablecemento óptico na unidade orixinal, insuperable horizonte da mística platónica e neoplatónica de tódolos tempos. Velaí a forma en que no *arreguizamento óptico* que constitúe a saudade pura van inseparablemente presentes o senti- mento de soidade e tamén o insubornable sentido de aspiración ou transcendencia.

Esta aspiración e este afán de se transcender como entidade individual e concreta están esencialmente marcados polo indeleble signo da imposibilidade que pendía xa sobre o *eros* platónico. A soidade inscríbese, así, na categoría óptica das irresolubles tendencias que poñen no ser humano, sen embargo, a configuración aspiracional que xa concibira Platón.

Resulta igualmente curioso constatar que tamén nas pretensións de María Zambrano figura como funda- mental a de fusionar nunha soa a tendencia da poesía á singularidade (e, polo mesmo, á multiplicidade dos entes individuais) e a da filosofía á universalidade ou á

¹² *Ibidem*, p. 36.

transcendentalidade, isto é á unidade abranguedora¹³. A fusión dos dous planos conduce en Ramón Piñeiro unha auténtica liña de harmónica continuidade: non haberá fronteira entre a singularidade poética e a unidade en que a filosofía pretende instalarse. Do que se trata é, precisamente, de non perder por un absurdo afastamento a ningún deles.

Ramón Piñeiro considera que unha das maneiras de situarse, de forma transcendedora, máis alá da soidade ontolóxica do ente individual que somos é, precisamente, a súa posta expresiva en lírica; a lírica *pura*:

O home ó expresar, ó comunicar a súa intimidade sentimental, que é o que a lírica reflexa, realiza o primeiro acto da súa transcendencia, ou, se se quere, da súa *apertura*¹⁴

Pero na dirección dese insaciable afán de transcendencia caben moitas formas de realización de carácter parcial. Estas poden producirse, por exemplo, por vía noética ou por vía volitiva. Neste sentido refírese Ramón Piñeiro á transcendencia volitivo-expresiva, que desemboca na acción, e á transcendencia cognitivo-estimativa, ou mesmo á cognitivo-intelectual. Formas concretas de intenta-lo sobrepasamento da soidade constitutiva son igualmente as realizacións, no plano psicolóxico, da transcendencia amorosa, nas súas distintas modalidades.

Mais, no fondo, tódalas facultades humanas e tódolos resortes da acción levan óptica e operativamente prefigurada a orientación á transcendencia, no máis radical e pleno dos seus sentidos:

¹³ María Zambrano, op.cit.,pp. 19-20.

¹⁴ *Filosofía da saudade*, p. 118.

A esencia da vontade é a liberdade e só no libre exercicio acadada o seu fin. A vontade tende de seu á transcendencia, mais a transcendencia pura, a transcendencia ontolóxica, só acadada pola vivencia mística, polo contacto co Ser¹⁵.

Isto quere dicir que, en definitiva, as distintas formas de se transcender son outros tantos intentos de supera-la soidade óptica inherente á condición da individualidade en que o ser humano se dá e responden, en último termo, ás distintas formas en que se deixa sentir, no plano psicolóxico, a inevitable repercusión daquela soidade metafísica. É isto o que tamén se aprecia nas caracterizadas especificacións da saudade que son típicas da poesía lírica: a saudade do amor, a saudade da terra, a da casa, a dos amigos, a de todas aquelas realidades próximas, íntimas, que, fisicamente lonxe de un e ausentes nun determinado intre, fanse non obstante vivencialmente presentes xustamente nesa súa tan fundamente sentida ausencia. Cada unha delas, por vía indirecta, está reproducindo e facendo revivenciar algunha das facianas daquela soidade radical que nos é indeclinablemente constitutiva. As distintas especificacións líricas serían, xa que logo, derivacións epifenoménicas da lírica *pura*. Por iso constitúen tamén as únicas vías de que dispoñemos para a exploración do misterioso territorio da saudade:

En Galicia temos poesía e sentimos amor polos nosos poetas, pois que foron feles ao seu papel representativo da nosa espiritualidade xenuína. Por eles sabemos da nosa saudade e das outras notas distintivas que nos caracterizan entre os demais pobos; eles son os creadores da nosa lírica, que é, polo de agora, a creación máis alta do espírito galego, a que mellor nos define culturalmente¹⁶

¹⁵ *Olladas no futuro*, p. 30.

¹⁶ *Ibidem*, p. 15.

A poesía de Luis Pimentel

Por Luis Veiga do Campo



A verdadeira historia espírita dos pobos, sempre ven a identificarse co-a historia da súa Poesía. Mais alá das empresas políticas, e das cobizas económicas, que en cada época van reagrupando os esforzos colectivos, queda sempre un fondo humán de sentimentos inlitos, de sentimentos espontáneos e xenerosos, que se alimentan co-a queutura do corazón do home, e que lle falan á conciencia persoal, da presenza de beleza e da fealdade, do ben e do mal, da xusticia e da inxusticia. Iste fondo humán, asolagado no interior de cada alma, máis alá das empresas e das loias da comunidade social, solo na poesía atopa refrezo ouxetivo.

Son os poetas os que realizan o milagre de lle dar corporeidade eispresiva á pura e núa intimidade humana. Por iso a historia espírita dos pobos, ven a identificarse co-a historia da súa Poesía. Por iso, tamén, os poetas foron sempre o máis representativo dos pobos, a personificación da súa espiritualidades. Os pobos aman aos seus poetas como algo propio, con iso agarimo sentimental cos que se ama un tesouro familiar. O héroe primitivo buscaba nos cantos do poeta, o eco inmorrente da súa grotia, pois sabía que soto poéticamente podía penetrar no corazón popular. Os místicos buscaron na poesía a eispresión do seu gozo inefabél; os enamorados, os feridos pol-a desgracia, os amampados pol-a fé na felicidade... Todos bus-

cañ na poesía o refrezo dos seus sentimentos lle que o sentimento ven a ser a raíz vital do home, o venello da persoa co-a vida. Os poetas son os que nos din a verdade de esa intimidade humana, e os que nos descubren a realidade esencial do mundo, valorada sentimentalmente, valorada "humanamente". Círculos un mundo animado, humanizado; un mundo creado na imaxe e semellanza do sentimento humán. Cada poeta danos unha imaxe sentimental do mundo, como o filósofo nos dá o seu esquema intelectual.

Necesitamos da poesía pra comprender o noso sentir, que é o celme da vida, e necesitamos dos poetas pra eispresión ouxetivamente. O pobo que non ten poetas, ou que os esquece, é un pobo morto, un pobo sin conciencia do seu propio ser, sin arelas rídeses. E os pobos, o mesmo que os homes, precisan das inquedanzas líricas pra que a súa eispresión cronolóxica acade a plenitude espírita de unha existencia "auténtica".

En Galiza temos poesía, e sentimos amor pol-os nosos poetas, pois foron líricos ao seu papel representativo da nosa espiritualidade genuína. Por íles sabemos da nosa cidade, e das outras noias distintivas que nos caracterizan entre os demais pobos; íles son os creadores da nosa lírica, que é, pol-o de agora, a creación máis rota do espírito galego, a que mellor nos define culturalmente. Un

de íles poetas, que nacu e vive na cidade de Lugo, chámase Luis Pimentel.

Pimentel é un dos nosos grandes poetas, un dos representantes máis esgrevios da moderna lírica galega, índo que pra moitos debe parecer un poeta casque misterioso. Un poeta misterioso, porque fal xa vintecinco anos que se co-roce o seu nome e se fala dos seus versos, índo non publicou un solo líb; contemporáneo de Amado Carball e Manoel Antonio chegou á "mauridade poética" sin ter publicados máis de unha dúzia de versos, que, como pombas perdidas, se íl reparcidos por diversas e distintas revistas literarias. A súa obra, certamente breve, vive calada sin celeiro fiducial, ao que solo se chega da men do propio poeta; e os que chegan, concerna aínda a volvia n-íle particular indistinctible que rodea as cousas recén nidas. O eco emocional que produce, íl chegando a toda Galiza, e índo além das terras galegas. A súa presenza é impalpabél; é pura resonanza estimativa, transmitida de beizo en beizo, case como un segredo.

A poesía de Pimentel non ten raíz folclórica, como ocorre con boa parte da poesía galega; non é, tampouco, poesía de inxenlo ou de sábs perfeición formal, comú ocorre con boa parte da poesía castelá. Pódese dicir que é pura emoción transfeída en versos inxe-

(PASA A SECTIMA PAGINA)

Esta primeira colaboración de prensa de R. Piñeiro publicouse en *La Noche* en 1949, e tratou da lírica de Luis Pimentel



GALICIA E ROSALÍA NA POESÍA DE LUIS PIMENTEL

A Celestino F. de la Vega

PIMENTEL tiña unha moi fonda preocupación por Galicia. Máis aínda que na poesía, arelaba espresala no teatro. Durante anos e anos andivo ás voltas coa idea de escribir unhas obras de teatro. Meses antes da súa morte, falando un día do libro de poemas galegos que lle tiña prometido a Galaxia —prometérao na xuntanza celebrada en Vigo con motivo da donación a Galaxia da biblioteca de Fermín Penzol, aito ó que Pimentel asistiu—, rematou a conversa con esta afirmación: «Sí, eu quero publicar axiña ise libro pra poder escribir unhas cousas de teatro galego que teño pensadas. Unha delas, sobre o tema do sentimento da terra. Nela o persoaxe remata comendo terra, *coméndoa*. Cando lin ó americano O'Neill convencíme de que en Galicia temos materia pra facer un bon teatro. Hai xa ben anos que temos fala- do desto Carracedo e máis eu».

Máis si é certo que matinaba en reflexar teatralmente a súa visión e vivencia de Galicia, tamén é certo que nono acadou. Sempre alega- ba que non tiña folgos pra se poñer a escribir teatro mentres que non vise editados os versos. Mesmo por eso, da súa fonda preocupación por Galicia quedáanos somentes o refrexo poético. Nil Galicia amóstrase- nos como unha realidade interiorizada, metida en si mesma —«envisa»—, cuia corporeidade está formada pola choiva, os bosques, o mar, o verde

*achose, chove sobor dos bosques,
sobor do mar, sobor da herba mol.
I enrólvemos un verde sonos.*

e cuio esprito ou intimidade é o misterio

*«Ou, miña Galicia misteriosa!.
«Eu ben sei que hai un misterio
na nosa Terra:
máis alá da néboa,
máis alá do mar,
máis alá do bosque».*

Na Galicia corpórea —chuvia, bosques, mar, verde— non apare- ce máis presenza humá que as «toscas mulleres —agardando sempre— diante dun mar tebegoso». No trasfondo, na interioridade desa Gali- cia —o misterio— hai tamén unha impalpábel e invisíbel presenza humá: Rosalía. O misterio da «Galicia misteriosa» tende a se fundir coa presenza de Rosalía, «boneca de sombras». Galicia e Rosalía apa- recen esencialmente asociadas.

A clave desta entranábel asociación pimentelá é, parécemo, bastan- te remota. Nas nosas innumerábeles conversas ó longo dunha amizade de case 25 anos, varias veces me ten dito: «ós 14 anos escribín un libro

Ramón Piñeiro colaborou na homenaxe que a revista ferrolá *Aturuxo* fixo a Pimentel no seu nº 10 (1958).

Ramón Piñeiro adoita presentar versos de Rosalía como exemplo das especificacións líricas que el vai establecendo. E, desde logo, dentro da perspectiva en que agora mesmo pretendemos situarnos, os textos rosalianos que o noso autor escolma son dunha grande capacidade expresiva: sería imposible dar cunha máis axeitada forma de capta-la indesmaiabile conxunción da lírica e a *vivencia metafísica* implicada no sentimento da saudade.

Hai, así, pasaxes da obra rosaliana que Piñeiro presenta como formas expresivas directas da vivenciación dunha saudade de alcance ontolóxico. Son elas, en verdade, resultado da *vivencia espontánea, inicial, previa a toda transcendencia, que ten o home da súa singularidade, da súa soidade ontolóxica, aló na raíz da súa intimidade sentimental*.

As condicións óticas que suscitan esta vivencia metafísica móstransenos nalgúns dos textos de Rosalía escolmados por Ramón Piñeiro a modo de *sombra*, de inacabable sombra: *a noite que nunca se acaba*:

Desde entonces busquei as tiniebras
máis negras e fondas
e busqueinas en vano que sempre
tras da noite topaba coa aurora...
Só en min mesma buscando no escuro
I entrando na sombra
Vin a noite que nunca se acaba
Na miña alma soia.

Sombra, tiniebla, noite, o escuro son imaxes tipicamente rosalianas, pero de moi fonda radicación tamén na cultura occidental. Sombra era a realidade da caver-

na platónica, isto é, a pseudorrealidade, a limitación, o non-ser, contraposto ó ser, que en Platón e nos platonismos se nos presentaba, por contra, como luz, como sol: *Sol do mundo intelixible*, chamaba Platón á Idea suprema, á realidade fontal, á Idea de Ben. Así como o sol é fonte de luminosidade e vida, o Ben, afectado intrinsecamente da mesma *difusividade*, constitúese por iso mesmo en fonte de realidade, de ser. O ser e o ben son convertibles.

As imaxes de *luz*, no sentido de ser, e *sombra*, no de non-ser, forman parte do noso acervo cultural e son constantes na literatura de tódolos tempos. *Sombra*, igual que *ilusión e ficción*, e co seu mesmo sentido, é expresión utilizada por Calderón e outros autores do Século de Ouro da literatura española para referirse á realidade presente, que é, no fondo, pseudorrealidade en comparación coa eternidade, o ser en si, sen concreción nin límite.

Rosalía fala nunha ocasión incluso de *sombra que sempre me asombra*, algo que, na liña do que agora sinalamos, é preciso entender no terrorífico sentido metafísico de "sombra que me reduces á condición de sombra", ou mesmo de "nada que me aniquilas", ou aínda, nun sentido moi próximo á *nada nadeante* de Sartre: "non-ser que me fas deixar de ser". Esta *sombra que asombra* énos presentada no poema como unha omnipresente e, así, insuperable sombra, xusto no mesmo sentido *que a noite que nunca se acaba*, que aparece nos versos escolmados por Piñeiro.

A *sombra da noite que nunca se acaba* aparece no poema rosaliano en contrastante sentido coas outras sombras: *as tiniebras máis negras e fondas* que, por

máis fondas e negras que semellen, sempre, ó cabo, rematan na aurora. Non son elas sombras ó nivel da inacabable sombra. Aínda así quéixase a poeta, uns versos antes, dentro do mesmo poema, da *luz insolente do día, constante e traidora...*, que pon ilusión de que acaba todo o que non é de feito acabable.

A condición individual do ser (condición, así, concreta, singular e limitada), que se cumpre en cada un dos seres humanos, é vivenciada con caracteres moi próximos ós que na tradición escolástica se atribuían á modalidade do ser *continxente*: é ser e non-ser; ser limitado, non só polo feito de ter comezo no tempo e ter fin, senón sobre todo por ser unha forma precaria de ter e de exercita-lo ser, como corresponde a un ser *descolgado* do Ser: posto fóra da plenitude do Ser, colocado no hermo (*sombra*) da nada envolvedora, a modo de *bágoa desprendida do Ser*, como Piñeiro adoita dicir.

Este desprendemento ou *ex-sistencia* no heideggeriano sentido, tan da estima de Ramón Piñeiro, e que se traduce en individualidade óptica e en concreteza, comporta, fronte á inmensidade transcendental e plenificante do Ser, a realización en soidade que corresponde ó ente singular. A singularidade é diferenza e esta diferenza respecto do ser non pode ser outra que o non-ser: *a miña alma soia*, dada no medio dunha *noite que nunca se acaba*, é a *pinga* do ser concreto que somos aboiando solitaria sobre o non-ser.

Tamén pola súa parte María Zambrano constataba que a recuperación da poesía pola filosofía trae consigo a posibilidade de abrirse ó non-ser. O racionalismo propio da filosofía tradicional, de raíz platónica, é indagación sobre o ser, isto é, sobre o que resulta patente ante

a luz da razón; xa Perménides establecía que a vía da racionalidade é a do ser e máis nada. "El poeta, por el contrario, quiere una, cada una de las cosas sin restricción, sin abstracción ni renuncia alguna [.....] Quiere la realidad, pero la realidad poética no es sólo lo que hay, la que es; sino (además) lo que no es; *abarca el ser y el no-ser* en admirable justicia caritativa, pues todo, todo tiene derecho a ser hasta lo que no ha podido ser jamás. El poeta saca de la humillación del no-ser a lo que en él gime, saca de la nada a la nada misma y le da nombre y rostro"¹⁷

Esta noite que nunca se acaba, que fai que nos deca-temos da nosa condición individual e, polo mesmo, *en suidade*, será chamada, na segunda das estrofas rosalianas escolmadas por Ramón Piñeiro, *o simeterio da nada*:

Cava lixeiro, cava,
xigante pensamento;
cava un fondo burato onde a memoria
do pasado enterremos.
¡Á terra cos defuntos!
¡Cava, cava lixeiro!
E por lousa daraslle o negro esquezo
I a nada lle darás por simeterio.

O xigante pensamento, en oficio aquí de enterrador, é impulsado a enterra-la *memoria do pasado*. E é que o pasado, contra o que puidese parecer a outro que non fose, precisamente, o xigante pensamento, inscríbese no ámbito do non-ser.

¹⁷ María Zambrano, op.cit., pp. 22-23.

As filosofías vitalistas subliñaron a ilusión en que o ser humano cae de considerar que o mantemento intencional e a revivenciación do pasado resulta a máis efectiva forma de incrementa-la extremadamente precaria entidade do presente, que non é, propiamente, máis que a estreitísima divisoria entre o pasado e o futuro. Pero, en realidade de verdade, se o futuro aínda non é, o pasado xa deixou de ser: *¡Á terra cos defuntos!*, proclama, logo, a poeta.

Unha vez que a memoria do pasado baixe ó *fondo burato*, so a lousa do *negro esquezo*, ficará soterrada no *cimiterio da nada*. O soterramento daquilo que fomos e xa non somos deixa en patética evidencia a precariedade extrema do noso consistir. Non é só que esteamos abocados a estar perennemente deixando de ser, inseparable veciños da nada, que é a máis radical forma de soidade que cabe. É que ademais, afastados do ser, dámonos incluso máis alá de nós mesmos: nesa dimensión de nós que inexorablemente se perde, instante tras instante, na nada. Este autoarredamento desintegrador que nos fai estraños a nós e ó noso e que nos vai sepultando no cemiterio da nada resulta unha das máis expresivas formas da soidade ontolóxica. A súa vivenciación pon na nosa poeta *saudade, saudade pura*.

Na terceira das estrofas escolmadas preséntanos Ramón Piñeiro un clarísimo exemplo da forma en que cabe distinguir na mesma Rosalía o que son as distintas formas da soidade psicolóxica e o que é a soidade en sentido metafísico, posta de manifesto en lírica pura.

A saudade de nivel psicolóxico énos presentada por Ramón Piñeiro como o sentimento que se suscita nun suxeito determinado en relación coa non presenza

actual do obxecto que normalmente da satisfacción á súa necesidade operativa de transcendencia. Estas formas de saudade requiren da intervención de determinadas facultades: da memoria (as formas da lembranza) ou da vontade (mesmo do desexo), en forma de aspiración, pretensión de posesión ou conquista, etc. Neste sentido fala Piñeiro de:

AÑORANZA: do ser amado (ausente, morto ou desviado), do ben perdido (A mocidade, a felicidade de pasada, o agarimo materno), etc.

NOSTALXIA: da Terra lonxana, do eido nativo, etc.

ARELA: de felicidade ideal, de perfección ilimitada, etc.

En calquera dos casos comprendidos nestas tres formas, a soidade do suxeito prodúcese pola presenza do obxecto, ten unha motivación obxectiva. Polo mesmo, o sentimento de cada un destes modos de soidade virá sendo unha forma de saudade; saudade añorativa, saudade nostálxica, saudade arelante¹⁸.

É doado apreciar como se reflicte este nivel de saudade, coas súas especificacións, nos versos de Rosalía con que Ramón Piñeiro ilustra a súa disertación:

Algúns din: ¡miña terra!
Din outros: ¡meu cariño!
I este: ¡miñas lembranzas!
I aquel: ¡os meus amigos!
Todos suspiran todos,
por algún ben perdido.

Pero tamén se aprecia doadamente nos versos que seguen inmediatamente a estes a outra dimensión radi-

¹⁸ *Filosofía da saudade*, p. 48.

cal, *pura*, do sentimento: a percepción íntima, por parte da poeta, da súa condición ontolóxica. Aquí non hai obxectos, a modo de realidade distinta e distante. Non: trátase agora da vivenciación da *soidade que se dá na intimidade da persoa*. Non é a saudade de algo; é o propio ser-en-soidade; en insuperable soidade. Trátase dun inefable sentir:

Eu só non digo nada,
Eu só nunca suspiro,
que o meu corpo de terra
i o meu cansado espírito,
a donde quer que eu vaia
van comigo.

A poeta vivencia as limitacións óticas connaturais ó ser humano, en canto dado na insuperable precariedade de alma e corpo que é inherente á individualidade. Non pode escapar (transcender) do propio corpo e do propio espírito. Se-lo propio corpo (na súa irrepertible singularidade) e o propio espírito (*cansado*, en función dunha singular e irrepertible biografía) é ser, darse, na condición da unicidade; case podería fálarse, polo seu irrepertible carácter, de excepcionalidade. A apreciación sentimental desta radical, *pura*, soidade é o que Ramón Piñeiro chama saudade en sentido ontolóxico.

Darse en radical soidade tal é coma darse en deserto. Só deserto pode ser, en efecto, a alternativa ó Ser; esa alternativa na que ven parar o ente individual que *existe*, que se dá máis-alá-de, desprendido, posto fóra do covexante e plenificador ámbito do ser, do transcendental e inconmensurable Ser, con maiúscula, a que Ramón Piñeiro se refire:

Contenta, el negro nido busca el ave agorera;
bien reposa la fiera en el antro escondido;
en su sepulcro el muerto; el triste en el olvido,
y mi alma en su desierto.

Tódalas criaturas están proxectadas sobre algo a modo de cobexador ámbito de acollo e estancia que, por encima da súa precaria confortabilidade obxectiva (negro nido, sepulcro, antro...), poñen apoiatura óptica e ata quizais ilusión de consistencia nas aves, nos mortos, nas feras. Só o ser humano vive na clarividente advertencia da súa irreductible singularidade, incapaz de prolongación proxectiva en nada. Tal é coma darse no deserto. A dimensión ontolóxica desta soidade faina moito máis profunda que aquela que compete ós mortos, ou ás feras, e aínda ó triste, dalgún xeito reconfortado na illadora e nadificadora atmosfera do esquecemento.

Con independencia destas formas de vivenciación de carácter metafísico, Ramón Piñeiro ve tamén en Rosalía outras das máis significativas especificacións da saudade no nivel psicolóxico:

Referíndose (Rosalía) ós poemas de Follas Novas di: "Escritos no deserto de Castilla, pensados e sentidos nas soidades da Natureza e do meu corazón..." Nos seus poemas expresa clara e insistentemente dúas maneiras de soidade: a soidade de amor e a soidade da terra¹⁹.

E escolma, con referencia concreta á saudade de amor, estes expresivos versos:

¹⁹ *Ibidem*, p. 114.

Cala rula, os teus arrulos
ganas de morrer me dan;
cala grilo, que si cantas
"sinto negras soidás".
O meu homiño perdeuse,
Ninguén sabe onde vai...

Ramón Piñeiro considera que, xustamente, a saída á natureza, e mesmo a instalación nela, son un dos grandes resortes suscitadores da vivencia da propia saudade e, por iso mesmo, da expresión lírica a que o home galaico decote se entrega:

Pódese dicir que o home galego vive individualmente inmerso na natureza; máis que sometido á presión do ambiente social, vive sometido á presión do ambiente cósmico. Isto dá lugar a dous tipos de experiencias: por unha banda, o sentimento de soidade é máis inmediato e pleno fronte á natureza que fronte ós demais homes. Por outra banda, a comunicación, o diálogo coa natureza é, en realidade, un puro monólogo, un falar consigo mesmo, unha forma de proxectar fóra a propia intimidade. Ambas experiencias, compartidas por gran parte da poboación galega e repetidas ao longo do tempo, favorecen a vivencia da intimidade –a soidade– e favorecen a súa expresión –o lirismo–²⁰.

A poeta manda calar á rula e manda calar ó grilo, nunha clara vontade de renuncia a aquilo que dalgún xeito puidese resultar lenitivo do sentimento soidoso, deturpando, por iso mesmo, a apreciación da grande soidade que pon nela a ausencia do seu amor. A saudade,

²⁰ *Olladas no futuro*, p. 144.

neste psicolóxico sentido a que Ramón Piñeiro se refire, é a grande forma de "gardar ausencias", é dicir, de deixar operar dentro dun mesmo a acariñante presenza da realidade amada e ausente. Pór remedio, por minúsculo que sexa, ó sentido desta grande soidade implicaría tamén, correlativamente, desdebuxa-la memoria en que o fisicamente ausente se fai operativamente presente.

Entre as realidades obxectivas que en principio parecen poder mediar entre o ausente e o seu rendido e soidoso amante están as cousas que a aquel lle son moi próximas: os seus *campos*, a súa *casa*, os seus *nabales*...Resúltanlle á amante inaturables todas estas realidades que en principio parecen acercar e, non fondo, separan; querendo aproximar o amado en realidade distraen, deturpan a inmediatez da súa presenza, en forma de memoria viva:

Daquí vexo os seus campos,
daquí vexo a súa casa, os seus nabals;
"e se alá de soidás me consumía",
ora de pena me consumo acá.
¡Voume!... Voume da aldea...
Pois mórrome sin el de soidás.
¡Como pode un, ¡Dios mío!, querer tanto
ós que tan só nos saben olvidar!

As realidades añoradas fánselle ó soidoso tan sentidamente presentes que as ve doado pechando os ollos. Os ollos abertos atan, en efecto, á sensorialidade actual e inmediata, entorpecendo o achegamento perceptivo ó afectivamente próximo e non de facto presente.

Pechei os ollos e vin...
Vin fontes, prados e veigas
Tendidos ó pé de min.
Mais cando a abrilos tornei,
morrendo de soidades,
toda a chorar me matei.
E non parei de chorar
Nunca astra que de Castela
houbéronme de levar.
Leváronme para nela,
Non me teren que enterrar.

Acontece, por outra banda, que na ausencia das paisaxes amigas, as outras, presentes, exercen unha función destructiva, oprimente, anuladora. Rosalía emprega, unha vez máis, o verbo *asombrar*, no patente sentido de ensombrecer, é dicir, reducir á condición de sombra, de non-ser, como máis arriba viamos. Anulan e mesmo destrúen á poeta as cousas da vila (*as casas cos seus muros, as torres e as igrexas*), que lle quitan de diante as outras: as humildes realidades familiares e complementantes... É outra forma de revelárenos a condición menesterosa, onticamente precaria, do ser humano:

De soidás morríase
na vila sospirando pola aldea,
asombrábana as casas cos seus muros,
asombrábana as torres e as igrexas.

O máis avanzado grao de proximidade á vivencia da saudade pura dáse, sen dúbida, dentro do nivel propiamente psicolóxico, nesa forma *de saudade que en nós*

*esperta a arela dun ben ideal que non podemos acadar,
sentimento que Rosalía expresaba ben ás claras:*

Yo no sé lo que busco eternamente
en la tierra, en el aire y en el cielo;
yo no sé lo que busco, pero es algo
que perdí no sé cuando y que no encuentro,
aun cuando sueñe que invisible habita
en todo cuanto toco y cuanto veo.

Ramón Piñeiro interpreta que neste non-sei-qué ó que a poeta se remite *non ven haber outra cousa que unha arela de Felicidade. E engade que esta arela, tan entrañablemente humana, vivida e expresada en tódolos seus matices, desde a ilusión e o desengano, é unha das máis inesgotables fontes da poesía lírica*²¹.

A pouco que se escarve na dimensión psicolóxica da saudade asoma xa a propiamente metafísica. O eu doloroso da poeta convértese coa mesma na condición humana universal ou, máis alá aínda na orde óntica, ese eu dolorido non representa xa outra cousa que non sexa, simplemente, o ser de individual e concreta condición, *bágoa desprendida do Ser*. E, pola súa banda, aquela *arela de felicidade* non será máis que o arreguizamento óntico, de que fala Piñeiro, que proxecta o ente humano cara ó reencontro fusivo, a unión mística, co Ser. O Ser ausente e pretendido como horizonte de transcendencia é, no fondo, o grande suscitador de toda saudade.

²¹ *Filosofía da saudade*, p. 119.

2. Para unha sistemática de Ramón Piñeiro

Para unha sistemática de Ramón Piñeiro

Ramón López Vázquez
Instituto Eduardo Pondal

No seu conxunto, a obra de Ramón Piñeiro é unha esculca a prol da necesidade de protexe-la liberdade individual e colectiva como fundamento último da igualdade diante a lei, do igual dereito a opinar e mesmo para querer ou non querer formar parte deste ou daqueloutro colectivo cultural, social, político, etc. Tamén para darlle carta de cidadanía a algo tan importante para as xentes galegas como é o humor, o sorriso, a sátira e a caricatura, a burla ou as moitas regueifas que a cotío acompañan calquera xuntanza entre amigos. O dereito a rirse sen preocuparse nin de quen escoita nin de quen mira precisa dun reino de liberdades que ben merece aclaralas súas orixes máis aló inclusive de cadaquén para situarse no mesmo orto da humanidade. Facer transparente esta realidade orixinante conleva acudir ó ensaio filosófico como xénero literario adecuado ó obxecto, mais implica, sobre todo, darlle unidade de fundamento á infinidade de funcións nas que o réxime de liberdade se encarna. E facelo desde a liberdade filosófica é unha boa maneira de alicerza-lo conxunto de todas elas.

A liberdade é o ben incondicionado, "esa intimidade última do ser humano que non se reduce a ningunha

outra cousa... A intimidade do ser do home é a liberdade"¹, a "arma de loita" fronte a calquera clase de opresión, a auga rexia que desenmascara as xentes de pouco pelame, tamén o berro ríspido de rabia diante situacións de imposición exterior; pero sobre todo, é a fonte nutricia da que afloran as enerxías restauradoras en situación de desfeita persoal. Non hai dúbida, "a vida e o espírito, fundíndose, crean a sustancia do humano existir. Un eido complexo, sutil e contradictorio, continuamente ameazado de disgregación e a cotío integrado pola vivificante raiola da liberdade"². É claro: o valor da vida humana táxao a liberdade. A reflexión sobre este punto remata así: "o ser do home ten un sentido ontolóxico positivo: a realización da liberdade"³. A existencia humana consiste, mesmamente, na autorrealización da persoa que se afinca na liberdade para tal que-facer.

Á Galicia da década dos cincuenta-sesenta úrxelle enxertarse na modernidade conformando o seu ser e vivir ó da liberdade democrática; a Europa cómprelle o concepto de liberdade espiritual e individual tal e como é vivida polas xentes galegas en calquera parte do mundo⁴. Ámbalas dúas sairán reforzadas cando se rían cara a cara cantándolle poemas á liberdade: "Para nós

¹ Ramón Piñeiro, *Filosofía da saudade*, Vigo: Galaxia, 1984, p. 77.

² Ramón Piñeiro, "As andadas literarias de Méndez Ferrín", en Xosé L. Méndez Ferrín, *O crepúsculo e as formigas*, Vigo: Xerais, 1983, 3ª ed., p. 16.

³ Ramón Piñeiro, *Filosofía da saudade*, op. cit., p. 80.

⁴ Cfr., Cartas a D. Cortezón, Cunqueiro e P. Abuín, en *Olladas no futuro*, Vigo: Galaxia, 1974.

o ámbito natural da democracia ó remate da guerra (derrota dos fascismos en Europa) situábase en Europa e cara ela tiñamos postas as nosas miras"⁵.

Pero o meu aquel é non conxugar tópicos, nin me pór de parte dos máis –"hai que imitar a don Ramón"– para esconxurar –"a moral piñeirista ten condicionamentos patolóxicos"– ós menos, senón colaca-la liberdade *in radice* do ser humano para desde aí entender non só que cadaquén, cada linguaxe, diga as cousas á súa maneira, senón e sobre todo que non se lle pode traspasa-la responsabilidade ó do lado por máis noxento que sexa facerse cargo dos fracasos: "A verdadeira liberdade –sostén Piñeiro– está na mente cando un sabe o que quer e non se deixa guiar, verdade, polo poder social"⁶. E todo porque, ó cabo, a liberdade non é máis cá *humanización do Ser*; isto é, a realidade de cada suxeito humano: "a liberdade só pode (sic) existir nun suxeito"⁷. Desde o principio dos tempos os humanos saben que son seres capaces de preguntar ¿que son eu?; mais que son liberdade é algo do que tomaron conciencia hai ben pouco, no existencialismo.

¿E que ocorre cando a liberdade se pon no primeiro de todo? ¿Como cadrar este punto de partida co revirada que se lle puxo a vida ó patrucio do galeguismo na Galicia da posguerra civil española?

⁵ Miguel Sande, "No primeiro cabodano de Ramón Piñeiro", (Fragmentos dunha entrevista inédita), en *La Voz de Galicia*, Suplemento Cultural nº 61, (21-VIII-1991).

⁶ Miguel Sande, art. cit.

⁷ Ramón Piñeiro, "Correspondencia con Rof Carballo", en *Grial*, nº 111, (1991), p. 446.

I. Atrévete a sentir.

Que a Filosofía en vez de inquirir polos obxectos e pelexar polos dominar, por manipulalos industrial e quimicamente, por facelos a cada paso máis servís e útiles, por botarlle un aturuxo á relixión do éxito, sempre receosa de verse subida no carro do poder, ha de preguntar pola existencia humana que vai de seu e polo espírito de dignidade que lle dá pulos é unha actitude da que participa Piñeiro. Preguntar polo ser do ser humano é algo que aprende lendo *Ser e tempo (1927) de M. Heidegger*⁸. Mais unha pregunta dese calado necesariamente nos ten que levar ó constitutivo exclusivo e propio da humanidade. E iso para o galego, seguindo ó filósofo alemán, é a liberdade en canto posibilidade que todo ser humano ten de elixirse a si mesmo; ela será condición necesaria para poderen falar de opcións na vida humana que responden ó que o ser humano constitucionalmente é; de presuposto para que cando os psicólogos e pedagogos falen de decisións libres, eleccións, realizacións persoais, etc., por parte de cada humano, saibamos todos con claridade e rigor que se deben, precisamente, a que cadaquén realice o seu existir –"singulariza-lo Ser"– segundo lle conveña, pero sempre dentro destas dúas posibilidades: a favor ou en contra da liberdade. Esta, diante de nada, fai posible que de entre as indefinidas posibilidades os humanos poidan optar pola da propia autenticidade –existencia auténtica (*eigentlich*)–, pechándolle, así, o camiño ó perigo dunha vida malograda –existencia inauténtica (*uneigentlich*)–. Daquela, a liberdade pasa a ser o eixo do tempo no que vive

⁸ Para a incorporación de Heidegger á cultura galega, véxase Ramón Piñeiro, "Heidegger na cultura galega", en *Grial*, nº 111, (1991), pp. 184-189.

Piñeiro, o fondo sobre o que sintetizar feitos que na historia nin se sabe o que duran, a voz procedente do máis profundo da condición humana que trae á superficie nunha soa palabra a solución para tódolos enigmas humanos. Ó cabo, o elemento definitorio da existencia humana: nin se pode esquivar nin pasar dela se é que un quere realizar aquilo que proxecta ser. Só pode falsearse –vida estragada– cando un opta por perderse a si mesmo no mundo das lérias e murmuracións, renunciando, así, a realiza-la propia existencia para deixarse asolagar polos reclamos publicitarios do "disque din...". Nese caso, cando a marea informativa afoga a propia reflexión, o suxeito humano vive afastado de si mesmo, incapacitado para realizar calquera posibilidade que teña relación consigo mesmo. O humanismo moderno que nos ofrece o autor da *Filosofía da saudade* non é outra cousa que un preguntar radical pola persoa e liberdade humanas. A función da Filosofía nos tempos contemporáneos respecto de Galicia consiste nunha chamada silandeira ó coidado do propio e alleo poder ser existencial; en definitiva, nun imperativo a prol da realización da liberdade individual: "Unha das máis radicais esixencias éticas da cultura (en España-Galicia) é precisamente a loita eficaz contra a necidade ambiental"⁹.

¿Como responde? Quen lle ha de auxiliar xa non será nin a razón nin a vontade, senón o sentir en canto orde común existencial. A vida sentimental pertence toda ela á sensibilidade humana, é unha forma válida de coñecemento e, segundo Piñeiro, a vía de acceso máis segura, xenuína, auténtica e inmediata de capta-la

⁹ Ramón Piñeiro, "Carta a Celestino F. de la Vega", en *Grial*, nº 111, (1991), p. 454.

esencia humana. "O sentimento –escribe– vén ser a raíz vital do home, o vencello da persoa coa Vida"¹⁰ Quen se atreva a sentir chegará a atoparse co celme da persoa humana e a comprendelo na complexidade selvática que o constitúe, pois "coñecerse é sentirse"¹¹. O ámbito do espiritual e vital, constitutivos, ó cabo, do labirinto da intimidade humana, só sentíndoos se poden apreixar. O sentimento é a forma segura de camiñar polo interior do ser humano galego e paralelamente de rexistra-los late-xos (*Zeitgeist*) –as máis das veces imperceptibles– de cada tempo na longa biografía do pobo galego en canto célula peripatética dun mesmo convivir anímico; de aguza-lo espírito da sensibilidade emotiva para pó-los fitos da realidade cultural, aquela que principia precisamente no momento no que o natural e a evolución rematan o seu propio traballo, e nos van levando cara a unha conciencia que estea en hora por un lado coa historia de Galicia e, polo outro, co que hoxe en día piden os tempos presentes. O mundo de interiores que de seguido vai debuxando sempre aparece sombreado pola cor sepia das vivencias sen obxectos concretos, polos sentimentos que van apresos á vida concreta de calquera galego, á marxe de cales foren as súas experiencias persoais.

No intento, os videntes privilexiados serán os poetas. "Por iso os poetas son os que nos din a verdade desa intimidade humana, e os que nos descubren a realidade esencial do mundo, ..."12. Calquera, inclusive sen ser estudioso, atopa nos poemas as imaxes vivas que encar-

¹⁰ Ramón Piñeiro, *Olladas no futuro*, op. cit., p. 14.

¹¹ Ramón Piñeiro, *Filosofía da saudade*, op. cit., p. 62.

¹² Luís Veiga do Campo (pseudónimo de Ramón Piñeiro), "A poesía de Luís Pimentel", en *La Noche*, Suplemento del sábado, nº 5, (12-XI-1944). Tamén, *Olladas no futuro*, op. cit., pp. 14-16.

nan a máis perfecta representación da alma dun pobo, neste caso da galega. "O poeta sente mellor, escoita, vive, percibe e expresa revelándoo o drama esencial da vida humana"¹³. "A lírica non é só un fenómeno radicalmente emparentado coa saudade, senón a expresión e manifestación da mesma"¹⁴. O sentir só na poesía atopa a palabra axustada; as múltiples posibilidades ofrecidas pola lingua galega facilitan o propósito¹⁵.

Mais os líricos, agás en tempos de fame, non abandonan e Piñeiro quere modela-lo obxecto cultural galego de forma que resulte accesible a todos; para iso pon as mans nel, sabedor de que, paradoxalmente, é unha realidade allea e descoñecida inclusive para os mesmos galegos. Tendo claro o porqué xa pouco importan as dificultades. A materia Galicia precisa da forma que lle dea proximidade emotiva, que a faga sentir como a cousa máis achegada e entre na torrenteira do sentido común dos galegos.

Todo iso pide pensamentos por parte das minorías cultas —"a identificación espiritual entre a minoría culta e máis o pobo, que rematará..."¹⁶— á hora de procura-las restauracións-instauracións que tal obxectivo demanda.

Á realidade humana en canto categoría universal dentro do cosmos, á esencia humana como realidade fluínte, ós interiores do ser humano galego chégase

¹³ Ramón Piñeiro, "Letras galegas. O premio Rosalía de Castro", en *Grial*, nº 19, (1968), p. 86.

¹⁴ Claudio Rodríguez Fer, *Poesía Galega*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1989, p. 384.

¹⁵ Para saber cómo entende e valora Piñeiro a lírica galega, véxase Claudio Rodríguez Fer, en *Poesía Galega*, op. cit., pp. 375-393.

¹⁶ Salvador de Lorenzana, "Unha entrevista con Ramón Piñeiro", en *Galicia emigrante*, nº 11, (1955), p. 17.

–*nosce te ipsum*, sostén Piñeiro–, desde o plano das vivencias, desde o sentimento como representación subxectiva dun mesmo, que de seu non ten por que ser consciente. O labor dos intelectuais consiste en pensar a experiencia sentimental para facela alimento mol de machucar e lixeiro de dixerir.

¿Que implica iso? Pensar Galicia como pobo esixe elabora-la estrutura temporal –o tempo coma espacio no que se manifesta a espiritualidade– da súa cultura (Historia) e así domina-lo pasado incorporándoo ó saber humano racionalmente construído. Quen descoñeza a historia dun pobo e, ademais, non teña clara a continuidade entre os distintos fitos que se foron sucedendo no tempo, carecerá dunha perspectiva fundamental para saber desa entidade social.

Pensar Galicia como vivencia íntima implica mergullarse na atmosfera afectiva dos galegos e espreitalos impulsos que van aló por dentro pedindo un esforzo para os entender. Pensar Galicia como convivencia anímica non é tanto un labor analítico canto un asistir e clarificar o progresivo desenvolvemento da vida humana; isto é, do que os seres humanos fan e do que lles sucede a cada intre, as máis das veces sen o saberen. Pensar Galicia como sentir común pide darlle nome concreto á actividade creadora do espírito no mesmo intre no que este se fai tempo e acontecer histórico.

Pensar Galicia como "singularidade que participa do Espírito e da Vida"¹⁷ impón horizontes de longa ollada; demanda situa-lo singular no entrecruce do Espírito e a Vida; en definitiva, na abscisa do aquí e agora e, de paso, partícipe do antes e dos anos por vir.

¹⁷ Ramón Piñeiro, *Filosofía da saudade*, op. cit., p. 57.

Pensar Galicia como obxecto descoñecido require moito traballo e moito amor para ir decruando realidades que en por elas non piden aflorar na terra chá do mundo consciente; tamén afía-los conceptos universais para que non escachen cando queiramos que garden na memoria o que lles ensaquetamos.

O tempo, a xeografía, os afectos, a vida, a singularidade, a radical soidade, o escondido, o intre, ¿habará alimentos de máis difícil dixestión para o pensamento humano? Mais, ¿habará mellor maneira de coñecer a fondo Galicia que tendo claras estas tres perspectivas: xeografía, historia e antropoloxía?

Porque pensar, segundo a cultura occidental de raiñaño aristotélico, non é senón colle-lo singular e metelo no universal; isto é, darlle forma espiritual para que así poida ser algo avaliable por calquera, representalo por conceptos, elaborar ciencia que todo o mundo poida manexar.

Pero, segundo Piñeiro, o pensamento encargado de meterse na complexidade antropolóxica do ser humano galego ten que andar con xeito e non segui-la inercia do modelo aristotélico. É necesario que a minoría intelectual galega tome en serio o Xiro sentimental; isto é: situarse dentro do ser humano galego –"singularidade ontolóxica"–, mesmo entalado nunha zona entre os instintos (universais, necesarios e pracenteiros) e as paixóns (particulares, continxentes e corporais) por un lado, e as esixencias das áreas lindeiras coa vontade e a intelixencia por outro, no lugar onde mora o propiamente humano. "A verdadeira realidade humana –di Piñeiro– o mundo propio da humanidade, afinca nesa zona intermedia, sempre sometida ás tensións internas de múltiples ambivalencias, que se abre e se alonga ata

as profundidades onde a vida agurgulla e ata as alturas onde o espírito é un vagantío de pura e serea luz"¹⁸. Unha vez aquí, separa-los fíos da maraña de tantos sentimentos, explicar historicamente a aparente textura natural actual, formula-la lei centrífuga do comportamento, recoñecerlles entidade e dálle-la primoxenitura ontolóxica –irreductibilidade– respecto do resto dos compoñentes antropolóxicos. Máis aínda, situado na franxa das vivencias sentimentais, Piñeiro busca o máis "dentro" e "íntimo" de todo ese oceánico espacio interior; por iso prescindir dos caracteres e perfís psicolóxicos empíricos, "que sempre veñen a se-lo "eco sentimental" de situacións alleas ó sentimento mesmo..."¹⁹ –o chamado eu empírico que muda talmente a folla no outono– para aventurarse a dá-lo salto mortal cara á substancia sempre efervescente do ser humano galego; sabido é que así está botando a semente da soidade e dándolle lentura á raizame do solipsismo de cadaquén sentíndose a si mesmo.

Pero para facer todo este labor de catalogación, caracterización, identificación, etc., do reino afectivo temos que utilizar un instrumento cognoscitivo tamén emotivo: tal é a experiencia sentimental. Non nos valen os conceptos, aínda que teñamos que nos servir deles para expor e describir nun idioma universalmente intelixible a nosa percepción afectiva; tampouco as observacións de perspicaces naturalistas, aínda que semellen ser espellos limpos.

Xa que logo, Piñeiro fala da vida sentimental, da percepción emotiva, da maneira de viviren os galegos a

¹⁸ Ramón Piñeiro, "As andadas literarias de Méndez Ferrín", op. cit., p. 15.

¹⁹ Ramón Piñeiro, *Filosofía da saudade*, op. cit., p. 31.

morriña, a nostalxia ou a saudade, con conceptos aristotélicos, pero despois de deixar nido que estes non son a chave universal para entrar na casa daquelas. Nórdicos, celtas e galego-portugueses son os que viven empapados "nunha orballeira de sentimentos". Participan da mesma condición existencial²⁰ de seren portadores dunha liberdade que pide execución individualizada.

Por iso son os que máis obrigaición teñen de sintetizaren en conceptos a realidade na que viven e singularízala como experiencia vivida; isto é: como experiencia sentimental –"de aí debemos arrincar nas nosas esculturas"–básica. Por iso o noso autor escribe unhas "Notas para unha filosofía galaico-portuguesa"; por iso di: "Na espiritualidade galega, coma en toda outra, está latente unha "Weltanschauung" xenuína que se vai reflectindo nas creacións culturais auténticas. O seu desenvolvemento conceptual é misión dos filósofos"²¹. Evidentemente, de tódalas creacións culturais son as obras escritas as que mellor e de forma máis accesible reflicten a realidade desa especial condición. E os filósofos, escritores ou non, o mellor espello conceptual.

Cando alguén medite neste mundo e o conte, entón farase público para os foráneos, pero sobre todo para os mesmo galegos, o que son; uns saberán de si mesmos, terán conciencia de si; os outros corruxirán moitos prexuízos. Cando tal suceda, o pensamento amosará para o mundo en categorías universais a realidade singular galega. Daquela, dispoñemos do "esquema intelectual" que nos permita comprender-la propia existencia.

²⁰ Determinacións ontolóxicas, non óticas, do existente humano.


²¹ Salvador de Lorenzana, art. cit., p. 17.

Piñeiro sabe da riqueza galega no ámbito do sentir; pero á "galicidade" fáltanlle pensamentos, graos de conciencia, arumias de compromiso ético, dignidade colectiva e solidaria de grupo, moral do deber para coa terra, coa lingua e cos galegos do futuro²². Sabe tamén que son os sentimentos os que identifican unha familia, unha profesión, unha colectividade; hai que estar mal do sentido para non se decatarse que tal obviedade precisa un desenvolvemento conceptual. E sábese, coma se por primeira vez a conciencia abrira os ollos diante da realidade antropolóxica galega, metido nun bosquexo antes cultural que político, antes vital que cultural, antes de razón práctica que teórica, antes existencial que pragmático, antes, ó cabo, do sentir que do saber ou facer humanos, porque "este coñecerse –este sentirse– é o fundamento de todo coñecer obxectivo"²³. O labor filosófico será de proveito cando as crenzas falsas cimentadas no mito da pura razón sexan substituídas por esoutras afincadas na realidade primixenia da vida emotiva; cando o xénero impreciso e marxinal do sentir, case sempre perdido nos libros de filosofía académica en notas a pé de páxina, sexa rescatado das sombras e da nada na que rematan tódalas súas ficcións para pasar ó centro da escena filosófica. Entón as tebras farán de forza iluminadora e, por vez, determinarán cáles son as crenzas verdadeiras e mesmo as súas racionais xustificacións.

Ora ben, se poñémo-la liberdade na raíz da existencia e a vida sentimental coma tesouro antropolóxico –"perspectiva axeitada"–, necesariamente tirámo-las consecuencias seguintes: volve seguido sobre a propia

²² Cfr. Carlos Casares, "Entrevista con Ramón Piñeiro", en *Seiva*, nº 2 (1989), p. 140 e ss.

²³ Ramón Piñeiro, *Filosofía da saudade*, op. cit., p. 62.



Ramón Piñero visto por Siro



Ramón Piñeiro: Medalla Castelao

Nacido en Armea (Láncara-Lugo) ó 31 de maio de 1915, é quizais a personalidade que exerceu unha influencia máis eficaz e constante na vida social, cultural e política da Galicia de postguerra. O seu labor de pedagogía cultural soubo orientar con tino, en momentos tan difíciles, a sucesivas promocións universitarias na súa preocupación polo país. Fundador da Editorial Galaxia en 1950, esta

institución significa unha estratexia de resistencia intelixente que Galicia plantexa como defensa da dúa identidade durante os duros anos do franquismo. E membro da Real A. Galega dende 1967, deputado do Parlamento de Galicia, Presidente do Consello da Cultura Galega e autor de traballos decisivos sobre aspectos diversos da nosa singularidade como pobo. «EL CORREO CULTURAL» no setenta aniversario do seu nacemento.



GALICIA NO ARTE DE CASTELAO

Na obra de Castelao como dibuxante, a entrañable verdade cotián do noso pobo faise realidade artística, ou sexa, faise realidade trascendente, universal. Contemplando os seus dibuxos, un home calquera de calquera país pode comprender —mesmo diríamos que pode «ver»— o saber e o sentir que gobernan o comportamento íntimo da humanidade galega. O seu lápiz, tan áxil e sensible, ó mesmo tempo que reflexa a vida galega, expresa a filosofía galega da vida. Castelao foi, ningún llo negará, un extraordinario e sutil intérprete da Galicia verdadeira, esculpida na súa fisonomía humana e na súa vibración espiritual.

Castelao deulle perennidade artística á imaxe viva e verdadeira da Galicia que él contemplou, que él viviu, que él amou con mística entrega. Como Rosalía nos seus poemas, Castelao soupo expresar nos seus dibuxos toda e inmensa mágoa da Galicia labrega e mariñeira, da Galicia traballadora e resignada.

Talmente como Rosalía foi o máximo poeta social de Galicia, Castelao foi de certo, o seu máximo dibuxante social. E ambos os dous, poeta e dibuxante, fixeron do seu arte vehículo expresivo do sentir popular por pura e inmediata identificación humana. Eles expresan a vida mesma na súa directa e interna verdade.

Baixo o epígrafe xenérico de «Cousas da Vida» Castelao foi expresando a face real da vida galega en toda a súa complexa diversidade: desde a inxénuo curiosidade infantil á patética escuridade dos cegos; desde o gasalleiro pragmatismo ou a sofrida abnegación fe-

menina á dura opresión caciquil; desde a anguria certa da fame á aventura incerta da emigración; desde a cursi ignorancia señoreira á caridade farisaica; desde o triste medo a «xusticia» á resignada aceptación da inxusticia ou á temerosa cautela inhibitoria... Todos, tódolos rasgos que caracterizan o noso corpo social aparecen nidiamente delimitados, uns con ledá ironía, outros con amarga ternura. E, no fondo, sempre con lúcido amor.

Na súa obra, a realidade do noso pobo aparece coa súa imaxe verdadeira, está presente en corpo e alma. E presente, sobor de todo, na súa dimensión comunal, pois cada unha das figuras individuais expresa o sentir en común; cada unha delas encarna —é simboliza— o drama colectivo da frustración e da



En realidade real e caricaturesca, non é tan usual como se ve.

mágoa vividas como experiencia multiseccular.

Castelao, co seu arte e coa súa vida, ensinounos a todos a coñecer a verdade do noso pobo, que é, xa se sabe, a mellor maneira de aprender a nos sentiremos solidarios co seu destino. Coa responsabilidade do seu destino.

Fdo.: Ramón Piñeiro
Compostela, febreiro do 1986

Castelao ocupou non poucas páxinas de Ramón Piñeiro; unha delas foi esta, publicada na revista *Anduriña* en 1986.

maneira de ser e sobre a historia como fontes de augas limpas e reborda unha e outra vez optimismo vital verbo do ser humano; os valores estimados están tinguidos de subxectividade esperanzada, sen amarguras, desalentos, sen absurdos; as dificultades para conformaren os galegos un ente común semella resolvelas poñendo no transfondo sentimental a nota común de seren galegos –"o galeguismo hai que entendelo como unha postura ética que ... posúa unha profundidade maior da que pode ter un plantexamento (sic) político..."–; as asimetrías sociais son cousas do querer e coñecer individuais –"iso xa sería cousa de cadaquén"–. Con todo e iso, a xeografía social embaza unha e outra vez co solipsismo que agroma en cada fenda das moitas que presenta o modelo ontolóxico sentimental que segue. Un narcisismo primario revoa, incesante, arredor de todas esas explicacións. Para Piñeiro o elemento "social", os influxos vidos do ambiente, o "perimundo", a función conformadora do medio, etc., sempre hai que consideralos supeditados á "individualidade orixinal". Na relación "dialóxica" individuo-sociedade o básico é a singularidade individual.

Se é verdade, entón, que nos achegamos á vida e á propia existencia de maneira segura sentíndoas –"a Vida percibímola sentíndoa"–, o primeiro fragmento dun hipotético libro que recollera a obra completa de Piñeiro podería dicir, arremedando a Kant, pouco máis ou menos así: atrévete a sentir e describe con calma a túa autopercepción. Se tal fixer, atopariámonos ante un tratado con tres capítulos: un para falar da forza creadora da liberdade, outro da orixinal personalidade de cadaquén e o último para debuxa-lo carácter individual non só dos existentes humanos, senón tamén de toda actividade cultural. Despois diso, nun epílogo, pediría o

autor actuar en consecuencia con ese mundo do que antes non era moi consciente o lector. ¿Quen pode amalo que descoñece?

¿Pero teñen unidade as súas publicacións? De tela, ¿cal foi o modo de proceder e pensar de Piñeiro no tratamento dos variados temas que lle chamaron a atención? Vimos de falar dos referentes xermolares da creación cultural, pero ¿non cómpre, quizais, preguntar polos cómo que coadxuven á comprensión dos que? ¿Acaso o acto creador non importa tanto coma os contidos?

II. Todo é cuestión de método.

Descartes tiña razón. Nada é difícil se observámo-las regras do proceder a prol dun punto de vista que non sexa tebrequento, dun modo de articulación que non dea pasos en falso.

A ollo podemos dicir que canto Piñeiro deixou escrito está sempre dividido en tres partes. Xa se trate de filosofía-filósofos, poesía-poetas, humor-humoristas, lingua-lingüistas, ensaio-ensaístas, historia-historiadores, xa de segui-los indicadores cronolóxicos, os nomes egregios da tradición ou a estrutura interna dun asunto galego, sen excepción aparece a apoteose do tres, moitas veces como equilibrio entre o un e o dous. Tres partes, tres conclusións, tres elementos, tres etapas, tres representantes, tres..., tres... Velaí a metodoloxía utilizada a cada paso. O patrón do tres vai desde o esvaído mundo transcendente –Espírito, Vida, Ser– e metafísico –"Saudade, Angustia, Sehnsucht (arela de infinitude), son tres sentimentos de significación metafísica"²⁴–, deica ó devir mercurial dos xéneros literarios –poesía,

²⁴ Ramón Piñeiro, *Filosofía da saudade*, op. cit., p. 63.

prensa, ensaio— cultivados por Julieta Gómez en Arxentina na que destacan tres poetas —Víctor Luis Molinari, Jorge Bosco, Alfredo Bufano— de arrecendo galaico²⁵. A exaltación do tres coma método a seguir na descrición fenomenolóxica de calquera tipo de problemática cúmprese sempre. Nada, nin sequera os integrantes da súa familia e mesmo da musculatura e derradeiros fundamentos da singular personalidade que era²⁶, cando distribúe os datos dunha cuestión e as ideas das que se vale para resolvela, escapa á clave do tres.

E que ninguén pense xa de inmediato que sexa discípulo de Pitágoras ou de Hegel, porque non o é. Imposible telo por pitagórico, pois ningún papel radical lles concede ás determinacións numéricas na constitución do espírito humano. É claro que tal clave non vale de estaribel conceptual para metérmonos nas interioridades humanas. Tampouco como *arché* cósmico, pois o número, para Piñeiro, nada explica nin nada crea.

Tampouco o método do tres ten que ver coa celeberrima tríada hegeliana. Certo que se vai arrimando ós problemas dando por suposto que neles hai cambio, mobilidade, fervenza, devir; certo que admite a correspondencia entre a orde do ser, a do pensar e a do dicir, tal queren os pais da dialéctica —Heráclito, Hegel, Marx—; tamén que cando volve a vista cara atrás a penas atopa desgracias e si moitos heroes e místicos que pelexan por recuperaren valores que xamais deberan per-

²⁵ Cfr., Ramón Piñeiro, "Prólogo" a *Galicia y la poesía*, A Coruña: Edicións do Castro, 1988, p. 8.

²⁶ "Eu —escribe Piñeiro— son galego de nación, son español pola historia, son europeo pola cultura". Cfr., *Filosofía da saudade*, op. cit., pp. 76 e ss.

derse polo moito que enchen a alma humana de beleza interior.

Emporiso, o método do tres non é dialéctico, xa que o movemento cara a mundos distintos –¿mellores?– non ocorre en virtude dunha negación. En Piñeiro hai devir, proceso dinámico do pensar, ampla e consciente descriución das formas xerais do país, tensión de desigual forza entre estratos distintos, pero non aniquilación como causa de semellantes trafegos; a violencia non é nai para ningún bo fillo. Hegel dixo que na semente ía a árbore e nesta a froita; que para que unha nacera a anterior tiña que morrer; que o negativo, ó cabo, é o atranco a superar polo espírito para proseguir-lo camiño ata a plena realización na historia. Nada máis alleo ó pensar do noso autor que facer do non-ser o principio do ser.

Tampouco é dialéctico ó modo hegeliano porque nin razoa por círculos a cada paso de maior radio nin pon no principio a negatividade, nin entende a liberdade como algo necesario. Para o noso autor, o conxunto de tódalas realidades galegas non leva dentro de si a oposición, pois ningunha necesita eliminar á outra para existir. Unhas subsisten a carón das outras; a pluralidade é un postulado glorificado por Piñeiro. Na comprensión positiva do existente non vai ás agachadas a da súa necesaria destrución.

Nin pitagórico nin dialéctico; pero si dinámico e tríade. Velaquí a maneira de organizar Ramón Piñeiro a súa obra escrita.


Malia ser curta, vese nela a pretensión de facer un *corpus* de doutrina que abranga os conceptos chave desde os que os distintos especialista puideran articula-

lo esqueleto completo do ser de Galicia –xeografía, historia, antropoloxía–. Tal fixo Andrónico de Rodas coa obra aristotélica, Piñeiro pretende escribi-las primeiras entradas de cada categoría de seres e ordena-lo saber nunha especie de Enciclopedia Universal de Galicia.

Pon a Metafísica despois (no principio) da Antropoloxía, da Poética, da Arte, da Historia, da Política, da Retórica. Nin sequera está claro se en Piñeiro a Ética debe ou non preceder á mesma Metafísica. Parece aínda dubidoso se a valoración e estima que pretende para os asuntos que ocorren en Galicia son obxectivos exclusivamente didácticos ou máis ben presupostos desde os que organiza-la estratexia. Ora táctica ora principio, o galeguismo ten racionalidade de seu que precisa pescudas propias. Ben é certo que resolvéndose todo, en definitiva, no ámbito da Antropoloxía e coa liberdade coma axioma incondicionado, a consideración por xunto da Ética coa Filosofía primeira é de xaora.

Como pretendo convidar a que se lea a obra do autor e facilita-lo traballo, permítaseme que bote man dun exemplo (cada profesor pode facelo segundo a súa materia; cada lector verbo da súas afeccións culturais), para amosárlle-lo proceder ternario do que veño falando. Escollo a categoría das imaxes –vivimos na era delas, o ser humano do século vinteún hai que definilo coma "homo videns" – como punto de partida para, multiplicando por tres, ir tecendo todo o *corpus* cultural de Galicia como pobo dorido, paisaxe fermoso, obxecto estético. Proseguindo tal operación, o resultado sería unha orquestración da realidade galega con calidoscopios e sons de tódolos rexistros. Mais todos eles colocados dentro do gran escenario no que Piñeiro representa o papel

de figurante ó servicio da divulgación do quefacer cultural galego. Facelo recalcando os tres referentes –tempo, xeografía e percepción emotiva– hai pouco subliñados é un modo de proceder do que deixo testemuño escrito aquí e agora.



III. A carta como regra.

Non é casual que Ramón Piñeiro escriba tantas e tantas cartas ó longo de toda a súa vida. Tiña amigos espaxados polo mundo, de pequeno falaba moito consigo mesmo, de grande facíao na "mesa camilla"; faltáballe conversar cos ausentes-presentes. Por outra banda, nos escritos de investigación e sobre todo no ensaio vinculeiro –*Filosofía da saudade*– fai ontoloxía da existencia humana, fenomenoloxía existencial, prescindindo dos alifafes e miudezas que veñen e van camiño de se esvaeren o máis axiña posible. Para dicilo sinxelamente: lendo a *Filosofía da saudade* nada sabemos de cómo lle

vai ó seu autor, qué tal se atopa no escritorio cando redacta cada capítulo dun libro, por exemplo, ou qué aquel nota cando alguén se ergue camiño da porta de saída.

Faltan os sentimentos, emocións²⁷, afeccións, teimas, paixóns, carraxes de toda cor, etc., chamados psicolóxicos, que coma termómetros do minuto van dicíndonos cómo nos vai afectivamente no labor do día a día e que na "obra grande" sempre pon entre paréntese. As cartas, sen seren diarios, veñen ocupa-lo baleiro psicolóxico que por unha banda a distancia e por outra a "epokhé" das miudezas da vida, practicada para aprehende-lo eu puro e auténtico, o que realmente define ó ser humano galego, lle impuxeron. Nelas asistimos ós diálogos sempre sinxelos e amigables nos que se transloce o home de carne e óso, o que experimenta dó, pracer, ledicia ou noxo detrás do luceiro do seu mirar, o amigo que está certo de ter unha lectura simpática cando estea nas mans do destinatario, o que vive o drama dunha Galicia tronzada –"adeus vista dos meus ollos"–, o propagandista que porfía por "incorporar á cultura galega"²⁸ a persoas de sensibilidade para entende-la traxedia dunha lingua que morre por desnutrición, a mágoa dunhas novas xeracións sen mestres nin referentes da cultura galeguista. Na carta aposta pola vida do momento, polo temporeiro, o actual e a curto prazo, polas coitas e coitados; en definitiva, pola participación nas urxencias do presente con arcobotantes que fagan pé na tradición.

²⁷ Distingue Piñeiro entre emocións e sentimentos: "Cómpre distinguir entre emoción e sentimento como niveis distintos de afectividade... A emoción afinca no eido vital e o sentimento no existencial". Carta a Rof Carballo, *Grial*, 111, (1991), p. 429.

²⁸ Cfr., Ramón Piñeiro, "Lembrando a Pimentel", en *Luis Pimentel (1895-1958). Unha fotobiografía*, Vigo: Xerais, 1990.; s.p.

Pero sobre todo, a carta é a ferramenta de comunicación por excelencia porque realiza á perfección a regra de tres da que vimos de falar hai un pouco.

En efecto. A carta, di Piñeiro, “e un diálogo a distancia”²⁹ na que un dos dialoguistas non fala, pero si está espiritualmente presente. Diante de nada, a carta é unha creación cultural feita das verbas escritas dunha “persoa e mailo espírito da outra”³⁰.

Isto permite que tal forma de comunicación emane da intimidade de quen a escribe e camiñe cara a do que ha de recibila; é un tributo á liberdade humana que vai, coma todo en Ramón Piñeiro, de dentro a fóra, conservando sempre os sinais propios da raíz sentimental da que abrolla. Non é un intranscendente parolar a distancia e por escrito entre dous³¹. Por iso a meirande parte delas están destinadas a xulgar asuntos humanos referidos ós galegos. A antropoloxía galega ten na correspondencia de Piñeiro unha fonte de información necesaria para calquera analítica existencial³².

Na carta Piñeiro presenta aspectos da realidade galega á vez que se espella a si mesmo na avaliación dos feitos empíricos que describe; para dicilo ben: reflíctese a si mesmo nos demais á vez que estes fan de voceiros para amplifica-la mensaxe do mestre. Algo parecido a

²⁹ Ramón Piñeiro, *Cartas para os amigos*, Santiago: Ed. Compostela, 1992, Biblioteca 114, nº 113, ed. de Carlos Casares, p. 17.

³⁰ *Ibidem*, p. 18.

³¹ Porque fóra leva o nome do destinatario e o do remitente a carta é sen máis “esa sorte de diálogo escrito” favorecedor da sinceridade, liberdade, reflexión, etc. Ver, Darío Villanueva, “A carta socrática de Ramón Piñeiro”, en *Grial*, nº 146, (2000), pp. 179-180.

³² A analítica existencial é a ciencia que pregunta polo ser do ser humano.

cando un escoita as propias palabras por mor dun corpo refractario que llas devolve en forma de eco; se eses corpos son moitos, como é o caso, entón cada carta entra a formar parte dun profundo resoar que se estende pola totalidade xa dos problemas, xa dos autores máis importantes da realidade e cultura galegas. Temos, pois, dous espíritos individuais que dialogan entre si; "un fala en silencio" e o outro válese dun papel branco para deixar ben claro cál é o seu propio cavilar sobre o problema, case sempre formulado en termos existenciaris e á procura de solucións con valor para o futuro.

Espellarse e espellar, asistir mudo á redacción dunha carta persoal marcan os tres elementos deste xénero literario no que os pensamentos de quen escribe son a substancia desta forma de interrelación tan querida de Piñeiro cando se propón falar verbo das persoas (sempre desde unha perspectiva positiva), da sociedade (sempre con optimismo), e da historia (sen repentes que alteren o control mental das emocións) en Galicia. Remitente, destinatario e tema de interese para o coñecemento da realidade galega: velaquí outra proba para a nosa tese do método ternario.

Para min teño, para rematar, que a carta é o xénero preferido porque nela confirma a liberdade como poder individualizador, a emoción como enerxía psíquica que o mantén sempre preocupado polas cousas de Galicia e mesmo solícito cos amigos e, por último, a reflexión persoal coma os ollos para preve-lo por vir. En efecto, se algo está claro nunha carta de Piñeiro é que nela exerce a súa privativa liberdade de pensamento; non é nada proclive a deixarse convencer polos interlocutores e na carta amosa a súa persoal visión sobre o problema debatido. En conxunto as cartas son a grande

proba empírica a favor da liberdade como raíz da personalidade humana. Nelas, tanto o que firma coma o que encabeza testemuñan que a liberdade é unha realidade psicolóxica da que eles son bos exemplos. A perspectiva metafísica da que falamos no primeiro encárnase agora en algo tan común e importante para un pobo emigrante como é este xénero menor da literatura universal que é a carta.

Proclaman tamén as cartas que o sentir en canto idiosincrasia espiritual do pobo galego se fai emoción concreta en cada un. A "galegitude" como categoría metafísica común na carta encárnase en decisións persoais, liberdade de conciencia, opcións concretas perante o ser específico dos galegos, aínda que o autor se expoña ó risco de elixi-la perspectiva equivocada. En definitiva, o sentir do que ó comezo falamos agora faise emoción. A metafísica do sentimento tradúcese en psicoloxía das emocións. O mundo da espiritualidade galego-portuguesa alcanza na percepción emocional o ollo axeitado para ser conceptualmente significado; xa que logo, a carta é o documento que mellor representa "o eido vital" de Ramón Piñeiro. Que todo se faga a maneira de *olladas no futuro* cerra o grande triángulo no que se inscribe esta central peza do corpo doutrinal que aquí vimos explanando.

A conclusión é clara. Se na carta reciben formulacións concretas tanto a liberdade coma o sentir, o futuro será o xuíz infalible que lle dará ós contidos epistolares (sobre todo ós de tema socio-político pero tamén ós asuntos culturais) o veredicto que porá a cadaquén no seu sitio. Piñeiro, claro está, pensa que para el todos serán non só favorables, senón tamén inapelables. Para iso achega argumentos e feitos que convén avaliar sempre

como perspectivas dun epistolario para o porvir de Galicia. Ó cabo, a mensaxe que vai dentro vén sendo un documento educativo no que o autor lucense aprende a apertura á liberdade desoutras formas de pensar tamén, asina un documento a prol da convivencia dentro do espírito de galeguidade común e confesa o sometemento do seu desexo persoal ó dictame das xeracións vindeiras.

III.1. O presente como proba.

O incorporar xente "á realización en Galicia dese sentimento de amor á terra e dese deber de identificación co pobo que se chama galeguismo"³³ faise teima que traspasa o campo da ética para entrar no dos fenómenos naturais que se impoñen porque si, cando os neocatecúmenos teñen connotacións europeístas. As persoas formadas ou con querencias intelectuais nos países bañados polo Mar do Norte son obxectivo prioritario en canto á súa incorporación á cultura galega; Piñeiro quere enxerta-la Europa do Atlántico e con precedentes celtas coma se tal cousa na realidade espiritual de Galicia. A razón é ben clara: eles son os chamados na última parte do século vinte a perfila-la integración da paisaxe espiritual galega na europea. Esa é a fundamental ollada cara ó futuro que no labor de ir picando con semente galega todo canto tocaba nunca deixou para o mañá. As enerxías de todo tipo –económicas, sociais, políticas, xurídicas, relixiosas, etc.,– que Galicia precisa han ter singularidade galega, pero para seren forzas dinamizadoras requiren participaren dos grandes conceptos dos que se serven as europeas setentrionais. Os conceptos cos que a sociedade galega ha de couta-la morea de cousas, moitas veces nunca vistas, que produce o último cuarto do século vinte teñen que cadrar mesmo debaixo

³³ Ramón Piñeiro, *Olladas no futuro*, op. cit., p. 154.

dos europeos. O vivir pracenteiro do que eles gozan é unha sobranceira razón para dar por boa esta porfía moral coma noutros tempos o foron o idealismo romántico, o lirismo medieval ou o espectáculo barroco de formas ovaladas.

Pero no vivir regalado da Europa culta, pensa Piñeiro, ocupa o eixe de tal benestar a compoñente do idealismo fronte ó empiro-criticismo. Por iso, o europeísmo no que deben enxertarse os feitos maila espiritualidade galegos ha ser naquel que proclama a radicalidade do espiritual respecto do material; naquel que entende que a satisfacción no vivir humano a dan os sentimentos mailas emocións; naquel que considera prioritaria a análise da vida bio-psíquica maila espiritual; naquel que define o espiritual desde a fala sentimental porque, ó cabo, o sentimento é o que diferencia uns individuos dos outros. En definitiva, instálase o noso autor na tarefa de ve-lo xiro sentimental da cultura galaico-portuguesa desde o espacio europeo da afectividade. E para demoucalo ben, Galicia precisa intelectuais que estean pendentes da perspectiva filosófica europea, de modelos de pensar que poñan no sentir a razón específica das personalidades libres. Os tales deben adobiarse con estas tres calidades: talento ben documentado, moralidade de compromiso para co presente de Galicia –"a obra que nos debe... Celestino, Fole, Cortezón..."–, e fe na razón para facer cuestión do espírito de leiro con arredores polas catro beiras.

E unha concepción integral de Galicia pide unha analítica antropolóxica do ser humano galego feita por pensadores que saiban de fenomenoloxía, existencialismo, dialéctica, vitalismo, historicismo e idealismo. Do diálogo que estes intelectuais levaron a cabo saíron os


ensaio de horizonte xermánico (Vicente Risco e algún outro xermanófilo andaron á busca do intanxible "espírito do pobo" sen lle facer arrenegos á estética de Filippo Marinetti) e perspectiva galega que na década dos setenta concitaron certa sona na atmosfera cultural española. Para Piñeiro eran proba de madureza e de boa dirección; e así o proclama: "Nesta síntese, sutil e difícil, está talmente o froito da verdadeira maturidade da que falamos"³⁴.

Como nunca lle interesaron tanto os resultados obxectivos das teimas culturais canto o proceso xermi-nativo, e tendo en conta que agora ando a pescuda-la metódica seguida polo fillo dos da Casa de Baixo de Armea, que cadaquén avalíe as achegas europeístas rexistradas no catálogo da Ed. Galaxia –"Galaxia pretendeu atraer á xente ó galeguismo, sen vinculala a ningún partido político, iso xa sería cousa de cadaquén"³⁵–. Si que me van permitir que tamén nisto resalte a presenza do tres: tres analistas da antroploxía filosófica en Galicia –López Nogueira (as tres dialécticas), Rof Carballo, García Sabell– que buscan homóloga-los conceptos básicos desta disciplina nos ámbitos europeo e galego. E tres –Torres Queiruga, Ferro Couselo, Fernández de la Vega– que se moven na mesma área, se ben ocupan e gastan as forzas en debater sobre os lindeiros da existencia humana; sobre a entrada no existir temporal, a saída da soidade, a soidade que demanda solicitude, a singularidade á busca dun absoluto que ou ben nos posúe desde antes de nacer ou ben nos refuga ou tan importante é que nin del podemos falar por conformar un horizonte infinito de imposible comprensión con-

³⁴ Ramón Piñeiro, *Olladas no futuro*, op. cit., p. 154.

³⁵ Miguel Sande, art. cit.

ceptual; ocupacións nas que gastan moitas horas de reflexión. As opcións por vivir, falar ou calar comportan os trepedes dos analistas da antropoloxía filosófica no mesmo momento de preguntar pola configuración espacio-temporal da existencia humana. E todos, por xunto, remarcando os tres alicerces ontolóxicos para unha comprensión metafísica do "homo galaicus": ser, liberdade e sentir. Nos nove vértices dos triángulos seguintes pon os límites exteriores da analítica existencial do ser humano galego. Os ámbitos interiores están todos tinguidos de rango e profundidade metafísicos:



Os seis pensan en Galicia o que deica agora ningún pensara aquí; eles son un exemplo máis de creadores da cultura galega; esténdena e enraízana á vez³⁶,

³⁶ Cfr., *Olladas no futuro*, op. cit., pp. 227-230. "Nestes tres escritores –Rof, G^a Sabell e Celestino–, acada o pensamento galego plena maturidade cultural ...". Ibidem, p. 228.

pero sobre todo crean conciencia colectiva, perfilan os caracteres antropolóxicos que delimitan a singularidade individual e colectiva galegas, marcan con cruces visivas a unidade concreta de convivencia agochada no pobo galego, iluminan os vínculos coa Europa "empapada de sentimento" e cuberta de caducifolias: garanten, ó cabo, a tranquilidade propia dos pouco importantes.

O método de categoriza-lo diverso desde unha mesma clave ten a grande avantaxe de asegura-la síntese final. Por moitas que sexan as reviravoltas, recantos sombríos, accesos perigosos, etc., do obxecto, ó fin, verdadeiro ou falso, teremos un resultado. Piñeiro móvese nunha franxa do ser humano onde todo é crepuscular e bretemoso. Se por enriba non procedera do xeito que o fai, teríamo-los neboeiros multiplicados por dous.

A tarefa de mostrar cómo cun proceder, sempre de dentro a fóra, ben delimitado, alcanza un grao de claridade dabondo para que calquera poida lelo con proveito foi o obxectivo que me cumpriu ben. Pero claro, e esta é a miña grande pregunta final, ¿o método e o obxecto, que relación han ter entre eles? ¿Impón o obxecto un determinado método? Descartes apostou por un método universal para toda clase de saberes e realidades; así acabou cos gremios, coas xerarquías, co feudalismo intelectual e así instaurou a unidade do saber humano. En calquera caso, Piñeiro ten un esquema de interpretación, necesario e imprescindible en todo autor que se dedique a apreixar en pequenos traballos de divulgación calquera clase de contidos.

Eu non busco determinar se a forma piñeirana de expor, por exemplo, a narrativa na xeración Nós é ou non axeitada; só pretendín, sen premuras, indicala. Tampouco fixen avaliacións de contidos; só andei, con

intención e proba documental, á procura do camiño máis seguro para quen teña que ver ora co continente ora co contido da obra escrita por Ramón Piñeiro. E daquela, "si non é vera –un supoñer– é ben trovata".

Este número 1 dos *Cadernos Ramón Piñeiro* rematouse de imprimir no obradoiro de Gráficas ATV, en Santiago de Compostela, o día 22 de novembro de 2003, festividade de Santa Icíá.

